

DESENVOLVEMENTO
LOCAL E EMPREGO

TENENCIA DE ALCALDÍA E
CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA
DE GOBERNO DEEMPREGO,
PATRIMONIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ,
TECNOLOXÍA E RELACIÓN CON
EMPRESAS

CONCELLO DE VIGO



Expte.: 20750-77

RESOLUCIÓN

ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS.

Con data 27/08/2024, a técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asinou o seguinte informe-proposta:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de apoio técnico para a revisión da documentación xustificativa dos proxectos subvencionados con cargo ás convocatorias de subvencións e convenios de fomento do emprego.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Segundo consta no certificado de licitadores expedido pola secretaria do Goberno Local en data 26/08/2024, consta que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 06/08/2024 para a contratación polo procedemento aberto da **“Prestación de servizos de apoio técnico para a revisión da documentación xustificativa dos proxectos subvencionados con cargo ás convocatorias de subvencións e convenios de fomento do emprego. Expte. 20750-77”**, que rematou o día 22 de agosto do presente ano, e consultado o rexistro electrónico (por palabras e número de expediente) deste Concello, non se presentou ningunha oferta a través do mesmo. Así mesmo, segundo a lista de licitadores da Plataforma de Contratación do Estado que achega o servizo de Contratación tense presentado unha única empresa: SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.

De acordo co procedemento para a presentación electrónica das proposicións previstas na cláusula 12 do PCAP e das normas para o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos de adxudicación de contratos da Disposición Adicional 16ª



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/09/2024 12:40	Páxina 1 de 4
20750-77	CSV: A4A857-44E4B2-D2ABDE-ZKWJGQ-K45TP9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO**TENENCIA DE ALCALDÍA E
CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA
DE GOBERNO DEEMPREGO,
PATRIMONIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ,
TECNOLOXÍA E RELACIÓN CON
EMPRESAS****CONCELLO DE VIGO**

Expte.: 20750-77

(apartado 1.h) da LCAP, en data 27 de agosto de 2024 ás 14:00 horas, reunido o persoal do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asistido polo Servizo de Contratación, procedeuse á descriptación das proposicións presentadas no procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de apoio técnico para a revisión da documentación xustificativa dos proxectos subvencionados con cargo ás convocatorias de subvencións e convenios de fomento do emprego, Expte. 20750-77, a través da plataforma de licitación electrónica, co seguinte resultado:

	Licitador	Anexo II PCAP	DEUC	Oferta económica (sen IVE)
1	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	✓	✓	13.640,00 €

Terceiro.- De conformidade co apartado 6B e o artigo 85 do RGLCAP, conséntase que a única oferta presentada non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede ordenar a única oferta segundo o previsto no apartado 6A (*"Para valorar este criterio as ofertas ordenaranse por orde de menor a maior prezo, resultando adxudicatario o que oferte o prezo máis baixo."*):

	Licitador	Oferta económica (sen IVE)
1	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	13.640,00 €

Quinto.- Conforme ao previsto na cláusula 16.3 do PCAP, e coa asistencia do Servizo de Contratación, comprópanse os seguintes extremos en relación co licitador clasificado no primeiro lugar, mediante a incorporación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público de data 26/08/2024:

- A súa válida constitución e obxecto social
- Capacidade de obrar
- Poder bastante con que actúe o seu representante
- Que non está incurso en prohibición de contratar.

Quinto.- De acordo co previsto na cláusula 16.4 do PCAP e coa asistencia do servizo de Contratación compróbase que o licitador está ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, e fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social, segundo incorporación do certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de data 26/08/2024.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/09/2024 12:40

Páxina 2 de 4

20750-77

CSV: A4A857-44E4B2-D2ABDE-ZKWJGQ-K45TP9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

DESENVOLVEMENTO
LOCAL E EMPREGO

TENENCIA DE ALCALDÍA E
CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA
DE GOBERNO DE EMPREGO,
PATRIMONIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ,
TECNOLOXÍA E RELACIÓN CON
EMPRESAS

CONCELLO DE VIGO



Expte.: 20750-77

Así mesmo, o dito servizo requiriu de oficio a certificación acreditativa de que o primeiro licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo, expedido en data 27/08/2024, obrante no expediente.

En consecuencia, segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, procede formular ao órgano de contratación proposta de adxudicación deste procedemento en base aos seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Dita obriga atópase delegada nos concelleiros responsables das diferentes áreas de goberno en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023, modificada o 28/06/2024. A resolución de adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.1 da LCSP).

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación á quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas correspóndelle ao servizo xestor de conformidade coa cláusula 18.1 do PCAP.

Trátase dun contrato de servizos cuxo obxecto está constituído pola prestación do servizo de apoio técnico para a revisión da documentación xustificativa dos proxectos subvencionados con cargo ás convocatorias de subvencións e convenios de fomento do emprego, descritos no PPT, co contido económico reflectido no apartado 3 da FEC: orzamento base de licitación de 21.937,43 €.

A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a mellor oferta, trala aplicación dos criterios avaliados mediante fórmula previstos no apartado 6.A das FEC (1.- Redución do prezo do contrato: *As ofertas ordenaranse por orde de menor a maior prezo, resultando adxudicatario o que oferte o prezo máis baixo*”), de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 1 da LCSP).

De conformidade cos antecedentes e motivación anteriormente expostos, resulta procedente formular proposta de adxudicación a favor de **SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (B94011665)**, por importe de **13.640,00 €**.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle ao órgano de contratación (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), competencia delegada na quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de xuño de 2024.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/09/2024 12:40

Páxina 3 de 4

20750-77

CSV: A4A857-44E4B2-D2ABDE-ZKWJGQ-K45TP9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

DESENVOLVEMENTO
LOCAL E EMPREGO

TENENCIA DE ALCALDÍA E
CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA
DE GOBERNO DEEMPREGO,
PATRIMONIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ,
TECNOLOXÍA E RELACIÓN CON
EMPRESAS

CONCELLO DE VIGO



Expte.: 20750-77

En base ao que antecede, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización emitido pola Intervención Xeral Municipal en data 29-08-2024, propónse á quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, así como a Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" modificada en data 28/06/2024, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 modificada o 28/06/2024 aprobando a "Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados", a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

1. **Adxudicar a SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (B94011665)**, o servizo de apoio técnico para a revisión da documentación xustificativa dos proxectos subvencionados con cargo ás convocatorias de subvencións e convenios de fomento do emprego, por un prezo total de **16.504,40 €**, dos que 13.640,00 € corresponden á base imponible e 2864,40 € ao IVE.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e da oferta presentada en expte. núm. 20750/77".

Na data da sinatura dixital

A técnica de Administración Xeral
Carla Candia Paz

RESOLVO de conformidade ca proposta formulada,

Na data da sinatura dixital

A Quinta tenente de alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.
Ana María Mejías Sacaluga (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024)

Dou fe,
a Secretaria do Goberno Local
Susana Gallardo Fariña

